

## O VAGABUNDO

Unha mañá cesaron as lúgubres chuvias e o sol ergueuse nun ceo nidio, dun azul intenso, limpo das amortuxadas brumas invernaís.

No discreto xardín, a grande árbore de Xudea estalicou os seus brazos cargados de flores de porcelana rosa.

Á dereita, a voluptuosa curva dos outeiros de Mustapha estricouse, afastándose en interminábeis transparencias.

Escamas de ouro cubriron as fachadas brancas das mansións.

Ao lonxe, as pálidas ás das barcas napolitanas despregáronse sobre o reflexo arroibado do golfo sereno. Auras acariñadoras sopraron polo ar morno... Todo se arregizou. Nese intre, a ilusión de agardar, de se establecer e de ser feliz espertou no corazón do Vagabundo.

Illouse coa amada na casiña de cor crema onde as horas transcorrían insensíbeis, deliciosamente lánquidas, tras a celosía de madeira labrada, tras as cortinas de cores esvaecidas.

En fronte, o gran decorado de Alxer convidábaos a unha doce agonía.

Por que marchar, por que buscar a felicidade noutros lugares, pois o Vagabundo atopábaa alí, inexpresábel, no fondo das meniñas cambiantes da amada, onde mergullaba os seus ollares longamente, longamente, ata que a angustia indicíbel do pracer machucou os seus seres?

Por que buscar espazo, cando o seu estreito retiro se abría ao inmenso horizonte, cando sentían o universo resumirse en si mesmos?

Todo o que non era o seu amor arredouse do Vagabundo, recuando en ondas distantes.

Renunciou ao seu soño de orgullosa soidade. Negou a ledicia do acubillo fortuito e a estrada amiga, a tiránica amante, ebria de sol, que o levara e que el adorara.

Durante horas e días, o Vagabundo de corazón ardente deixouse arrolar ao ritmo da ledicia que lle pareceu eterna.

A vida e as cousas antolláronselle fermosas. Tamén pensou que mudara a mellor, pois, na forza brutalmente sa do seu corpo crebado e na enerxía demasiado orgullosa do seu lánquido desexo, era máis dócil.

... Xacando, nos días de exilio, no avasalador tedio da vida sedentaria na vila, o corazón do Vagabundo encollíase de dor coa lembranza dos feitizos do sol na chaira libre.

Agora, deitado nun tépedo leito, cun raio de sol que entraba pola fiestra aberta, podía evocar en voz baixa ao oído da amada as visions da terra dos soños, con esa única e doce melancolía que é coma o recendo das cousas mortas.

O Vagabundo xa non tiña saudade de nada. Só quería a eterna duración do que existía.

\*

A calorosa noite caeu sobre os xardíns. Reinou un silencio, no que só se levantaba un suspiro inmenso, suspiro do mar que aló, moi fondo, durmía baixo as estrelas, suspiro da terra en celo amoroso.

Uns lumes coruscaron coma xoias sobre o rochoso puído dos outeiros. Outros escintilaron en fíos dourados ao longo da costa; outros acendéronse coma ollos incertos no veludo de sombra das altas árbores...

O Vagabundo e a súa amada saíron á estrada por onde ninguén pasaba. Collidos da man, sorrían na noite.

Non falaron, pois comprendíanse mellor en silencio.

Devagar, subiron ás ladeiras do *sahel*, mentres a lúa serodia emerxía dos bosques de eucaliptos, nas primeiras lombas da Mitidja.

Sentaron nunha pedra.

Un fulgor azulado esvaraba nocturno sobre a campiña, e as prateadas garzas tremían nas polas húmidas.

Longamente, o Vagabundo mirou a estrada, a estrada ancha e branca que se afastaba ao lonxe.

*Era a estrada do sur.*

Na alma bruscamente espertada do Vagabundo axitábase un mundo de recordos.

Pechou os ollos para desbotar estas visions. Apertou a man da amada.

Mais, ao seu pesar, volveu abrir os ollos.

O seu antigo desexo da vella amante tiránica, ebria de sol, apoderábase novamente del.

Máis unha vez era déla con todas as fibras do seu ser.

Erguéndose, botou unha última, unha longa ollada á estrada: estaba prometido a ela.

... Regresaron á sombra vivaz do seu xardín e deitáronse en silencio baixo un grande alcanforeiro.

Por riba das súas cabezas, a árbore de Xudea estalicou na noite azul os brazos repletos de flores rosas que semellaban violetas.

O Vagabundo mirou a súa amada, preto del.

Non era máis ca unha visión leve, inconsistente, que estaba a piques de se disipar no luar.

A imaxe da amada era vaga, apenas distinguíbel, moi distante. Entón, o Vagabundo, que aínda a amaba, comprendeu que ía partir co abrente, e o seu corazón aflixiuse.

Colleu unha das grandes flores carnosas do recendente alcanforeiro e bicouna para sufocar así un salouco.

O gran disco carmesí afundírase nun océano de sangue tras a liña negra do horizonte.

Rápidamente, o día esvaeceuse, e o deserto de pedra afogou en frías transparencias.

Nun recuncho da chaira acendéronse algúns lumes.

Os nómades armados con escopetas axitaban as súas longas roupas brancas arredor das claras lapas.

Un cabalo trabado rinchou.

Un home anicado no chan, coa cabeza botada para atrás, os ollos pechados, coma nun soño, cantaba unha vella cantilena na que a palabra "amor" alternaba coa palabra «morte» ...

Entón, todo enmudeceu, na muda inmensidade.

\*

O Vagabundo estaba deitado preto dun lume medio apagado, envolto no seu albornoz.

Coa cabeza sobre o brazo dobrado, cos membros cansos, abandonouse á inmensa dozura de adormecer só, anónimo entre homes sinxelos e rudos, sobre a terra, a boa terra que o arrolaba, nun recuncho do deserto que non tiña nome e ao que nunca volvería.

ISABELLE EBERHARDT, *Siluetas na area*, Rinoceronte, Cangas, 2022.

Tradutor: Fernando Domènech Rey